

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 4 de marzo de 2024, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

DÍA: 4 de marzo de 2024
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2024/8P/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 26 de febreiro de 2024.

2. 2024/3160D PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para proxectos empresariais ou de autoemprego en municipios de menor poboación. Programa “EmprendOU en feminino”.

3. 2023/213H PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello da Teixeira para a execución da obra da rede de abastecemento en Valilongo.

4. 2023/15662A PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello da Pobra de Trives para construción de pista de pádel.

5. 2023/15744Q PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Montederramo para mellora de núcleos municipais.

6. 2023/15761X PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Nogueira de Ramuín para execución de peche frontal perimetral da vivenda do conserxe do CEIP de Luíntra.

7. 2023/15764J PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Nogueira de Ramuín para parque infantil Loureiro.

8. 2023/15771C PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello do Bolo para reconstrución da ponte da Barxa sobre o río Xares no termo municipal do Bolo.

9. 2023/15775R PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello do Pereiro de Aguiar para actuacións para eficiencia enerxética e loita contra o cambio climático.

10. 2023/15800A PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Riós para cofinanciamento e subvencións concedidas 2023.

11. 2023/15853X PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello da Mezquita para mellora eficiencia enerxética edificio multiusos, iluminación e fachadas.

12. 2023/16246N PRESIDENCIA

Subvención a favor da Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Conso Frieiras para adecuación de instalacións de iluminación pública ao RD 842/2002.

13. 2024/2683S PRESIDENCIA

Subvención a favor da Agrupación Provincial de Libreros de Ourense para actividades culturais e recreativas, correspondentes ao ano 2024.

14. ASUNTOS DE URXENCIA.

15. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

16. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.